

29 de xuño de 2009. NORFOR, a filial forestal de ENCE, está a aplicar **cantiades masivas de herbicidas** nas súas plantacións de eucalipto para eliminar o mato. A comunidade de montes de Rebordechán (Crecente, Pontevedra) vén de denunciar o uso de herbicidas nun monte de 25 Ha. Como consecuencia, o mato fica seco **aumentando o risco de lumes**. A isto hai que engadir o perigo de **erosión** (desníveis duns 600 m) e a **contaminación dos acuíferos** e mananciais. Precisamente a principios deste ano, NORFOR perdía o selo FSC (certificación forestal sustentábel) polas malas prácticas forestais, quer a aplicación de glifosato en parcelas certificadas. ADEGA pide ás comunidades de montes que **denuncien** os seus acordos oa papeleira se persisten no uso de herbicidas.

A aplicación de herbicidas é unha práctica común e "barata" en explotacións forestais de eucalipto e mesmo na "limpeza" das beiras das estradas . Mais o remedio é pior que a enfermidade: a cambio de aforrar uns euros, conquírese espallar unha persistente contaminación química polos montes e estradas do país. Ademáis, non se soluciona o problema do mato: a vexetación morta que permanece no monte e nas cunetas supón un importante risco para a extensión dos lumes. E ao queimarse, incinéranse as plantas que espallan os compostos tóxicos dos herbicidas tamén no ar. Tamén se deteriora a biodiversidade e se perxudica á caza, xa que o mato é substento e agocho de numerosas especies. Algúns tecores da zona de Vimianzo teñen referido a ADEGA unha inusual mortandade de coellos en zonas recentemente fumigadas.


25/06/2009

